

## NOTA INFORMATIVA RELATIVA AO IRPF 2015 COMO CONSECUENCIA DAS MODIFICACIÓNS QUE A LEI 26/2014, DE 27 DE NOVEMBRO INTRODUCE NA LEI DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

A Lei 26/2014, de 27 de novembro (BOE do 28) pola que se modifica a Lei do imposto sobre a rendas das persoas físicas introduce modificacións nos pagos a conta do IRPF a partir do 1 de xaneiro de 2015:

- a) Establece para o período impositivo 2015 unha nova escala de retención que reduce o número de tramos, dos sete actuais a cinco:

Base para calcular	Cota de retención	Resto base para calcular o tipo de retención	Tipo aplicable
Hasta euros	Euros	Hasta euros	Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	20,00
12.450,00	2.490,00	7.750,00	25,00
20.200,00	4.427,50	13.800,00	31,00
34.000,00	8.705,50	26.000,00	39,00
60.000,00	18.845,50	En diante	47,00

- b) Unha nova configuración da redución xeral por obtención dos rendementos de traballo.
- c) Elevación do importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.
- d) Supresión do incremento do cen por cen do importe da redución xeral por prolongación da actividade laboral (traballadores activos maiores de 65 anos).
- e) Non existirá a obriga de reter cando as retribucións íntegras anuais non superen a cantidade de 12.000 euros (sen fillos), sempre que non se trate de rendementos que teñan regulamentariamente asignado un tipo especial de retención, xa sexa este un tipo fixo ou un tipo mínimo, por exemplo:

-Atrasos: tipo fixo 15 por 100.

-Contratos ou relacións de duración inferior ao ano: tipo mínimo 2 por 100.

Todas estas modificacións **faranse efectivas na nómina do mes de xaneiro de 2015** e suporán, na maioría dos casos, unha minoración na porcentaxe de retención a aplicar.

Pode obterse a través de internet máis información sobre o I.R.P.F. na dirección da Axencia Estatal de Administración Tributaria, <http://www.agenciatributaria.es>

Para máis aclaración pódense dirixir ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais no teléfono 986 81 35 78 ou por medio do correo electrónico [consultanomina@uvigo.es](mailto:consultanomina@uvigo.es)